



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 26 DE ABRIL DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

Ao non haber asuntos que tratar neste punto da orde do día a presidencia dispón pasar ao seguinte punto.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO INFORMANDO O PRAZO DE PRESENTACIÓN SOLICITUDES DE EVENTOS CON ANIMAIS DE COMPAÑÍA

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa do Servizo de Conservación de Biodiversidade, con rexistro de entrada no concello co número 751 en data 13/04/2018, informando que con motivo da entrada da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía as solicitudes para a celebración destes eventos deberán ser presentadas por quen os organice cunha antelación mínima dun mes previa á realización.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE OBRAS CONSISTENTES EN REHABILITACIÓN E ADAPTACIÓN A USO TURÍSTICO DO PAZO DE VIEITE

Pola secretaria dáse conta da resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, con rexistro de entrada no concello co número 752 en data 13/04/2018, en relación co acordo do Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Galicia da Coruña de data 22 de marzo de 2018, relativa á solicitude de autorización de obras rehabilitación e adaptación a uso turístico do Pazo de Vieite non autorizando as mesmas.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA CONSELLERÍA DE POLÍTICA



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SOCIAL DE AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DO CENTRO MINIRRESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse conta da resolución do secretario xeral técnico de data 11 de abril de 2018, con rexistro de entrada no concello co número 759 en data 16/04/2018, na que se resolve conceder a autorización para a modificación substancial da Minirresidencia para persoas maiores de Boimorto, coas seguintes características:

Área de actuación: Maiores

Tipoloxía: Minirresidencia

Persoas usuarias: Persoas maiores con dependencia

Núm.prazas/unidades: 37 + 3 enfermaría

Plantas/distribución: Plantas soto, baixa e primeira.

Residencial

Planta primeira: 17 dormitorios dobres + 3 dormitorios individuais.

Total: 37 prazas.

Enfermaría

Planta primeira: 1 dormitorio dobre + 1 dormitorios individual.

Total: 3 prazas

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE AUTORIZACIÓN PARA A MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse conta da resolución do secretario xeral técnico de data 11 de abril de 2018, con rexistro de entrada no concello co número 760 en data 16/04/2018, na que se resolve conceder a autorización para a modificación substancial do centro de día para persoas maiores de Boimorto, coas seguintes características:

Tipoloxía: centro de día

Área: maiores

Persoas usuarias: persoas maiores con dependencia

Núm. prazas: 15

Plantas/distribución: planta baixa.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO COMUNICANDO A POSTA EN MARCHA DO ACCESO DOS CONCELLOS Á APLICACIÓN INFORMÁTICA REGIAC (REXISTRO GALEGO DE IDENTIFICACIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA)

Pola secretaria dáse conta do escrito da directora xeral de Patrimonio Natural, con rexistro de entrada no concello co número 770 en data 18/04/2018, informando da posta en marcha do acceso dos concellos á aplicación informática Regiac (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía). Esta nova aplicación conta cun módulo específico para a xestión de licenza municipais, permitindo aos concellos consultar e introducir telematicamente os datos referentes ás respectivas licenzas e rexistros municipais.

Para facilitar o acceso das autoridades municipais ao Regiac será necesario que se faga chegar á Dirección Xeral de Patrimonio Natural unha solicitude asinada pola persoa titular do concello, onde se indiquen os seguintes datos ao respecto das persoas autorizadas para o acceso: Nome, apelidos, DNI, corpo/administración, cargo e enderezo electrónico onde remitir as credenciais de acceso confidencial.

A partir do 1 de xuño de 2018 a ferramenta informática será a única canle de comunicación ao Regiac



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que se tramite o acceso deste concello ao Regiac.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA E SE ORDENA O PAGAMENTO A ESTE CONCELLO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016 (INVESTIMENTOS)

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada telemáticamente polo presidente da Deputación Provincial, con rexistro de entrada no concello co número 669 en data 05/04/2018, na que se resolve aprobar a documentación xustificativa relativa á actuación "Mellora do verquido da depuradora de San Pedro de Brates" financiada ao 100% pola Deputación Provincial e aboar o importe 66.268,07 euros. Economía: 2.214,43 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- ESCRITO DO SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO O ACORDO DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O 23 DE FEBREIRO DE 2018 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO OFICIAL DE DOCUMENTACIÓN DE EMPRESAS CONTRATISTAS.

Pola secretaria dáse conta do escrito que tivo entrada na oficina de intercambio 900 co número 201890000000107 en data 09/04/2018, no que se comunica o acordo de aprobación da modificación da Ordenanza reguladora do Rexistro oficial de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e convenios e supresión do Rexistro Oficial de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- DACIÓN DA RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PUBLICADA NO BOP Nº 66 DE DATA 9 DE ABRIL DE 2018 POLA QUE SE APROBA A ADXUDICACIÓN AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DOS ESPECTÁCULOS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA: REDE CULTURAL 2018.

Pola secretaria dáse conta da Resolución ditada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña publicada no BOP número 66 de data 9 de abril de 2018, na que se resolve adxudicar os espectáculos que se sinalan deseguido:

| ALICERCE (Nonprofesionais) | % Deputación | | | |
|--|--------------|--------|------------|--------|
| | Caché | Equipo | Actividade | Total |
| Espectáculo – Entidade/empresa | | | | |
| Charanga Santa Compañía: Festa para todos - Asociación cultural agrupación musical Santa Compañía | 435,00 | 0,00 | 0,00 | 435,00 |
| Dúo SonLatino: Bailando con SonLatino - Castelo Agra, Francisco Celso | 232,50 | 0,00 | 0,00 | 232,50 |

Total: 667,50

| ESCENA AO VIVO – MÚSICA PROFESIONAL | % Deputación | | | |
|---|--------------|--------|------------|----------|
| | Caché | Equipo | Actividade | Total |
| Espectáculo – Entidade/empresa | | | | |
| Os Tocacontos: Música máxica - Escuela de música Presto Vivace, S.L. | 900,00 | 225,00 | 0,00 | 1.125,00 |

Total: 1.125,00



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

| ESCENA AO VIVO – TEATRO PROFESIONAL | % Deputación | | | |
|---|--------------|--------|------------|--------|
| | Caché | Equipo | Actividade | Total |
| Espectáculo – Entidade/empresa | | | | |
| Kenneth Illusionist: Kenneth Illusionist - Music Arte Rey Saavedra, S.C. | 412,50 | 0,00 | 0,00 | 412,50 |
| Musicreques: contacontos musicais - Music Arte Rey Saavedra, S.C. | 318,75 | 0,00 | 0,00 | 318,75 |

TOTAL: 731,25

| LINGUA A ESCENA | % Deputación | | | |
|---|--------------|--------|------------|--------|
| | Caché | Equipo | Actividade | Total |
| Espectáculo – Entidade/empresa | | | | |
| Fabaloba: A casa encantada de Alí - Fabaloba Soc. Coop. Galega | 277,50 | 0,00 | 0,00 | 277,50 |

TOTAL: 277,50

TOTAL CONCELLO: 2.801,25

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA COMUNICACIÓN PREVIA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN VEEA (ÁNXELES)

Pola secretaria dáse conta do escrito recibido do departamento de tramitacións de Unión Fenosa Distribución da Delegación da Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 772 en data 18/04/2018, no que se achega xustificante do ICIO e o depósito de fianza mediante aval bancario de 1227,52 euros, practicada por este concello no acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 22 de febreiro de 2018 de comunicación previa subministro de enerxía eléctrica en Vereá (Ánxeles).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

2.1.10.- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA COMUNICACIÓN PREVIA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN PARAVICO (ANDABAO).

Pola secretaria dáse conta do escrito recibido do departamento de tramitacións de Unión Fenosa Distribución da Delegación da Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 773 en data 18/04/2018, no que se achega xustificante do ICIO e o depósito de fianza mediante aval bancario de 630,11 euros, practicada por este concello no acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 22 de febreiro de 2018 de comunicación previa subministro de enerxía eléctrica en Paravico (Andabao).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DO SECRETARIO DE ORGANIZACIÓN DA FSC DE CCOO EN SANTIAGO-BARBANZA, SOLICITANDO INCREMENTO SALARIAL E CONVOCATORIA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Pola secretaria dáse conta do escrito de Joaquín García Gutiérrez, secretario de organización da FSC de CCOO en Santiago-Barbanza, con rexistro de entrada no concello co número 687 en data 10/04/2018, no que solicita:

<<Primeiro.- Que se doten, as partidas orzamentarias correspondentes do Concello para:

.- Incrementar no 1,50% as retribucións dos empregados públicos do Concello, a abonar dende o



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

1 de xaneiro de 2018.

.- Abonar o 01/07/2018 o 0,25% das retribucións, xa que o PIB do ano 2017 é dun 3,1%.

.- Incrementar a masa salarial nun 0,20% para fondos adicionais, que previa negociación, deberá aplicarse na revisión dos complementos específicos entre postos con funcións equiparables e a homologación de complementos de destino.

Segundo.- Que se convoque Mesa Xeral de Negociación, para negociar a concreción de distintas cuestións referenciadas no devandito Acordo:

.- Actualización da Oferta de Emprego Público do ano 2018, aplicando a taxa de reposición de efectivos ata o 100%.

.- Recuperación da xornada laboral de 35 horas semanais. Bolsa de horas de libre disposición dun 5% da xornada anual para conciliación, recuperables.

.- Negociación dun complemento retributivo, que sumado a prestación do Réxime Xeral da S.S. alcance o 100% das retribucións fixadas dende o inicio de incapacidade temporal.

.- Aprobación do plan de igualdade e medidas de conciliación e corresponsabilidade.

Terceiro.- Que se convoque a tal fin, Mesa Xeral de Negociación do Convenio Colectivo/Acordo Regulador.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e deciden comunicar ao sindicato que a Lei de presupostos do Estado de 2018 non está publicada así como informar ao sindicato que neste concello xa hai un acordo municipal regulador dos complementos retributivos a maiores da prestación do réxime xeral da Seguridade Social.

2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.1.- ESCRITO DE D. MANUEL RICO VEREA DENUNCIANDO A MODIFICACIÓN DE CAMIÑO E OUTROS.

Pola secretaria dáse conta ao escrito presentado por D. Manuel Rico Vereá, que tivo entrada na oficina de intercambio 900 co número 201790000000124 o día 28/11/2017, no que expón que no ano 1996 se dirixiu por escrito ao concello denunciando a paulatina modificación do Camiño vello Boimorto-Présaras e o cruce co Camiño Real-Porto Salgueiro sen que se resolvera nada sobre o particular e **SOLICITA:**

<<1. Demandar da Sociedade do Monte de Boimil a reposición inmediata de ámbolos dous camiños co trazado que se acompaña e que corresponde ó que estaba vixente ata o ano 2014.

2. Eliminar as cepas de eucaliptos plantados no camiño.

3. Eliminar toda a masa de eucaliptos a unha distancia de 4 metros do vello Camiño Real e os que dispoña Patrimonio da vía marcada como actual Camiño do Norte.

4. Incoar procedemento de sanción por apropiación indebida de territorio público, modificación de vía pública e venda de carballos e outras árbores do camiño.

5. Tramitar solicitude de corrección catastral de ambos camiños por ser propiedade do concello.

6. Habilitar estes tramos de camiño para poder ser transitados con normalidade.

7. Comunicarlle o denunciante tódalas accións emprendidas polo concello dado que de seguir vulnerando os seus dereitos tería que acudir a outras instancias segundo contempla a Lei de Procedemento Administrativo.

A Xunta de Goberno Local coa abstención de Luís Rico Vereá **ACORDAN:**

ÚNICO.- Que se valore o inicio do expediente de investigación de oficio, solicitando informe de secretaría.

3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN SOBREIRA Nº 14 (BUAZO)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 771 con data 18/04/2018, presentada por D. José Ramón Sánchez Andrade, DNI núm. 33133399J con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Sobreira nº 14, Buzo, 15818 Boimorto, na que



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Sobreira nº 14, da parroquia de Buazo, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 23/04/2018

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. José Ramón Sánchez Andrade, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Sobreira número 14 da parroquia de Buazo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA EXPLOTACIÓN GANDEIRA SITA EN LAMAS (BOIMIL)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 112, con data 19/01/2018, presentada por D. Ángel Baqueiro Meijide, DNI núm. 36148932Q con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Sobreira nº 2 , Boimorto, 15818 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da explotación gandeira sita no lugar de Lamas, da parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 04/04/2018

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Ángel Baqueiro Meijide, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a explotación gandeira sita no lugar de Lamas, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

servizos municipais para os efectos oportunos.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE ALBERGUE TURÍSTICO DE SEGUNDA CATEGORÍA SITO NA RÚA GÁNDARA Nº 49 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MARÍA ISABEL GÓMEZ ARTO

Examinada a documentación de inicio de actividade (CP-001) presentada por Dna. María Isabel Gómez Arto, DNI e domicilio a efectos de notificacións en rúa Gándara nº 41 1º, Boimorto, código postal 15817, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 390 en data 26/02/2018 para o exercicio da actividade de albergue turístico da segunda categoría en parcela con referencias catastrais: 0612517NH7601S0000TG, 0612516NH7601S0000LG e 0612515NH7601S0000PG da rúa Gándara 49 do núcleo urbano de Boimorto, adxuntando o certificado final de obra asinado polo arquitecto D. Juan Antonio Rebolledo Inchaurreaga.

Tendo en conta que na tramitación do expediente se incorporou o informe preceptivo de comprobación asinado en data 16/04/2018 polos servizos técnicos municipais de D. Manuel Carro López conforme ao disposto nos artigos 55, 56 e 57 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Considerar comprobado o cumprimento dos requisitos legais para inicio de actividade de albergue turístico de segunda categoría en parcela con referencias catastrais: 0612517NH7601S0000TG, 0612516NH7601S0000LG e 0612515NH7601S0000PG da rúa Gándara nº 49 do núcleo urbano de Boimorto a Dna. María Isabel Gómez Arto ao considerar completa a documentación presentada, debendo axustarse en todo momento ás medidas correctoras recollidas na documentación aportada.

SEGUNDO.- O titular do título habilitante da autorización está obrigado a informar ao Concello de Boimorto calquer cambio relativo ás condicións da licenza e ás características ou funcionamento da actividade.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria en concepto de taxa por inicio de actividade de conformidade co establecido no artigo 6º da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos:

Base imponible a razón de superficie do establecemento en m2 de local: 228,70

Tipo de solo: urbano

Tarifa: 1,50 €uros/m2.

Importe: 343,05 €uros.

CUARTO.- O presente acordo quedca condicionado ao pago da correspondente taxa sin cuio requisito non terá validez nin efecto.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Isabel Gómez Arto indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

6.- COMUNICACION PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE PENSIÓN 3 ESTRELAS SITA NO LUGAR DE IGREXA, PARROQUIA DE BOIMIL, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MERCEDES SEOANE BRAVO



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Examinada a documentación de inicio de actividade (CP-001) presentada por Dna. Mercedes Seoane Bravo, NIF 33240065M e domicilio a efectos de notificacións en rúa Calexa s/n 15810 Arzúa, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº. 425 en data 06/03/2018 para o exercicio da actividade de pensión 3 estrelas en parcela con referencia catastral 001701200NH76C0001FZ do lugar de Igrexa da parroquia de Boimil, adxuntando o certificado final de obra asinado polo arquitecto D. José María Lorenzo Fernández, colexiado nº 2.891.

Tendo en conta que na tramitación do expediente se incorporou o informe preceptivo de comprobación asinado en data 25/04/2018 polos servizos técnicos municipais de D. Manuel Carro López conforme ao disposto nos artigos 55, 56 e 57 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Considerar comprobado o cumprimento dos requisitos legais para inicio de actividade de pensión 3 estrelas en parcela con referencia catastral 001701200NH76C0001FZ do lugar de Igrexa da parroquia de Boimil a Dna. Mercedes Seoane Bravo ao considerar completa a documentación presentada, debendo axustarse en todo momento ás medidas correctoras recollidas na documentación aportada.

SEGUNDO.- O titular do título habilitante da autorización está obrigado a informar ao Concello de calquer cambio relativo ás condicións da licenza e ás características ou funcionamento da actividade.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria en concepto de taxa por inicio de actividade de conformidade co establecido no artigo 6º da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos:

Base imponible a razón de superficie do establecemento en m2 de local: 401,41 m2

Tipo de solo: núcleo rural

Tarifa: 1,00 €uros/m2.

Importe: 401,41 €uros

CUARTO.- A presente acordo queda condicionado ao pago da correspondente taxa sin cuio requisito non terá validez nin efecto.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Mercedes Seoane Bravo indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

7.- LICENZA DE EDIFICACIÓN REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA GÁNDARA Nº 17 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de D. Manuel Andrade Novo con DNI nº 76517910S e con domicilio a efectos de notificacións en Bergondo nº 16 5º A-B, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 1.022 en data 25/05/2016, para realizar as obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar (B+1P) na rúa Gándara nº 17 do núcleo urbano de Boimorto, referencia catastral do inmovible: 0715716NH7601N0001SI consonte ao proxecto básico e execución achegado coa solicitude, redactado polo arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerro, colexiado nº 1.779 e visado dixitalmente polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 23/05/2016; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo urbano, si ben, presenta dúas cualificacións, edificación intensiva e edificación extensiva. As obras realizaranse integramente na primeira delas, si ben, a



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

localización da praza de aparcamento esixida, por imposibilidade material, sitúase na parte cualificada como de edificación extensiva.

Con data 13/12/2016, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ditou resolución (expediente 2016/0775 CNC) autorizando as obras descritas, coas condicións expresadas no punto 12 dos antecedentes e consideracións técnicas da resolución.

Con data 26/03/2017, rexistro de entrada número 3.023, presentouse no concello "Anexo de modificación de rehabilitación de vivenda unifamiliar (B+1P), redactado polo mesmo técnico, e visado, aos efectos de su remisión á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, ao non estar de acordo cos condicionantes impostos pola DXPC na resolución de 13/13/2016.

Con data 8/02/2018 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ditou unha nova resolución (expediente 2016/0775 CNC).

Con data 20/03/2018, rexistro de entrada número 588, presentouse no concello "Anexo 2 de modificación de proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar (B+1P), redactado polo mesmo técnico e visado, corrixindo as observacións realizadas pola resolución da DXPC de 08/02/2018.

Con data 04/04/2018, rexistro de entrada número 668, presentouse no concello planos A1A e U1A en substitución dos planos A1 e U1.

Consta no expediente os documentos de nomeamento de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde de data 25/05/2016.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza dos servizos técnicos municipais emitido por D. Manuel Carro López de data 10/04/2018.

Visto o informe de Secretaría de 26/04/2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. Manuel Andrade Novo con DNI nº 76517910S, para executar as obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar (B+1P) na rúa Gándara número 17 de Boimorto (solo urbano), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo nomeado director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde o arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerra, colexiado nº 1.779.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes recollidos no punto 5.1 e 5.2 dos antecedentes e consideracións técnicas da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- .- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- .- **Poderá elevarse a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello para regularización do viario, alcanzando unha superficie de 32,06 m2, tal como consta nos planos A1A e U1A ou inscribirse directamente a acta da cesión de viais no Rexistro da Propiedade por este Concello.**
- .- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 75.647,06 €uros.

Liquidación: **1.512,94 €uros.**

CUARTO.- Comunicar que debe depositar unha fianza por importe de 1.953,02 €uros con anterioridade á data prevista de realización da obra para garantir a reposición dos posibles danos que se produzan sobre o viario, as beirarrúas e as redes de servizos existentes, coincidente co capítulo do presuposto dedicado a obras de urbanización.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Andrade Novo indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

8.- LICENZA DE OBRA CAMBIO DE CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR MARCO Nº 10 (SENDELLE)

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra (OB-007), tramitada a instancia de D. José Vázquez Quintela con DNI núm. 33133602D, con domicilio a efectos de notificacións no lugar Marco núm. 10, pertencente á parroquia de Sendelle, 15817 Boimorto, en virtude da instancia con rexistro de entrada nº 546 en data 16/03/2018 para realizar as obras de cambio de cuberta dunha vivenda sita no lugar de Marco núm. 10, parroquia de Sendelle (Referencia catastral 15010A503000400001KX) consonte ao proxecto achegado coa solicitude, redactado polo arquitecto D. Manuel Álvarez Gómez, colexiado nº 2.694, sen visar, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural, coa ordenanza de orixinario disperso, estando catalogada a vivenda (SE-3) co grao II.

Con data 12/04/2018, número de rexistro de entrada 705, presentouse no concello "Proxecto de rehabilitación de cuberta en casa O Marco", redactado polo mesmo técnico, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co número 1801737,2, así como nomeamento de dirección de obras de D. Manuel Alvarez Gómez, arquitecto superior colexiado nº 2.694.

Vista a resolución de data 17/11/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, rexistro de entrada número 2697, sobre intervención no Camiño de Santiago, autorizando as obras, baixo unhas condicións (Expediente número 2016/1513 CNC).

Visto o informe favorable de outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Manuel Carro López, arquitecto, con data 16/04/2018.

Visto o informe de secretaría municipal de data 26/04/2018.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. José Vázquez Quintela con DNI nº. 33133602D para executar as obras de cambio de cuberta da vivenda sita no lugar de Marco núm. 10, pertencente á parroquia de Sendelle (solo de núcleo rural, coa ordenanza de orixinario disperso) conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo o director das obras D. Manuel Alvarez Gómez.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outórgase a licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes recollidos no punto 6 dos antecedentes e consideracións técnicas da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- As obras a realizar consisten en:
 - Retirada das tellas da cuberta cunha superficie de 208,5 m² así como dos canalóns e baixantes.
 - Colocación de novas tellas curvas vermellas.
 - Colocación de 30 ml de canalóns (150 mm) e 20,4 ml de baixantes (110 mm) de cobre en ambos casos.
 - De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.
 - En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 10.639,03 €uros.

Liquidación: 212,78 €uros.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José Vázquez Quintela indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

9.- RATIFICACIÓN DECRETO DE ALCALDÍA 104/2018 DE 26/03/2018 SOLICITUDE DE AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO ADAPTADO AO ABEIRO DA MEDIDA LEADER COFINANCIADA CO FEADER NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020

A continuación dáse conta da Resolución de Alcaldía 26/03/2018 número 104, polo que se acorda solicitar subvención dentro da convocatoria do programa Leader do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo para adquisición dun vehículo, que transcrito literalmente di:

<<Descrición Decreto: Solicitud de axuda para adquisición de vehículo adaptado ao abeiro da medida Leader cofinanciada co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

